

UNHA UNIDADE MÓVIL DE ADOS VISITA AS INSTALACIÓNS DA EMPRESA OPMOBILITY HOXE MÉRCORES 25 XUÑO

A empresa OPmobility acolle hoxe mércores 25 de xuño unha nova campaña para doar promovida pola Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS).

Unha unidade móbil da Axencia estará estacionada dentro do recinto da empresa, en horario de 10:00 a 14:30h y de 16:00 a 21:00 h. para atender a todos os profesionais que queiran participar no solidario xesto da doazón.

A empresa OPmobility foi visitada polas unidades móbiles de ADOS ata en 7 ocasións, desde 2021, ano no a compañía pontevedresa iniciou a súa colaboración co xeneroso xesto de doar sangue. Desde entón conseguíronse excelentes resultados con preto de 400 doazóns procedentes da implicación e xenerosidade dos seus traballadores.

ADOS quere agradecer á dirección de OPmobility a súa especial sensibilidade a prol do solidario xesto da doazón de sangue, así como a súa colaboración e compromiso no desenvolvemento das campañas de doazón en unidades móbiles que favorece ó acceso á doazón dos traballadores e traballadoras nas propias instalacións da empresa.

A Axencia fai extensivo o seu recoñecemento a todos os profesionais de OPmobility, xa que co seu xesto solidario contribúen ao mantemento do intenso labor asistencial dos centros sanitarios galegos.